

**Máster Universitario en Profesorado de
Educación Secundaria Obligatoria e
Bacharelato, Formación Profesional e
Ensinanzas de Idiomas**

**GUÍA DO TRABALLO DE FIN DE
MÁSTER**

CURSO 2020-2021

1. INTRODUCCIÓN

A Orde ECI/3858/2007 que regula o Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas sitúa o traballo de Fin de Máster (TFM en diante) dentro do Módulo do Practicum, indicando que debe reflectir todas as competencias adquiridas no Máster e servir de compendio das ensinanzas que integran o seu plan de estudos.

Nun sentido similar, a Memoria do dito Máster na Universidade de Santiago de Compostela establece que o TFM consiste na elaboración e defensa dun traballo académico que sintetice as competencias desenvolvidas no Mestrado e no que se integren aprendizaxes dos seus módulos formativos -singularmente do Practicum- e un traballo de investigación ligado ao exercicio docente na especialidade correspondente.

En consecuencia, o TFM supón a realización por parte de cada estudante, baixo a supervisión dun titor académico, dun traballo orixinal que atenda nalgunha medida a ese dobre requisito.

A normativa de referencia recóllese no **Anexo 1**.

2. OBXECTIVOS

1. Introducirse na investigación educativa identificando temas relevantes, contextos ou poboacións susceptibles de estudo e metodoloxías axeitadas para a súa indagación.
2. Utilizar estratexias de busca e selección de información e facer un uso apropiado da mesma.
3. Integrar os saberes derivados das ciencias da educación na interpretación das temáticas ou realidades analizadas.
4. Redactar textos académicos correctos, coherentes e adecuados, e facendo uso dos formalismos que lles son propios.
5. Realizar presentacións orais facendo un bo uso dos recursos expositivos e argumentativos da lingua, así como dos apoios electrónicos ou multimedia pertinentes.
6. Entender o estudo, a reflexión e a investigación educativa como estímulo e como garantía de mellora no exercicio profesional.

3. CONTIDOS

1. Identificación de temas de investigación educativa, de contextos de análise e de metodoloxías.
2. Selección / elaboración e utilización de instrumentos ou estratexias para o estudo de temáticas ou problemáticas educativas concretas.
3. Uso de fontes bibliográficas, electrónicas ou doutro tipo para extraer a información requirida.
4. Interpretación dos datos obtidos á luz dos saberes educativos e doutros estudos sobre temáticas similares.

5. Elaboración de textos académicos con atención ás características discursivas e aos requisitos formais (citas bibliográficas, etc.) que os definen.
6. Coñecemento e utilización dos recursos orais, electrónicos ou multimedia axeitados para a exposición e defensa pública do traballo.

4. COMPETENCIAS

Competencias xerais:

- Buscar, obter, procesar e comunicar información (oral, impresa, audiovisual, dixital ou multimedia), transformala en coñecemento e aplicala aos procesos de ensinanza e aprendizaxe nas materias propias da especialización cursada.
- Participar na avaliación, investigación e na innovación dos procesos de ensinanza aprendizaxe, comunicando as súas conclusións e as razóns que as sustentan á comunidade educativa e outros profesionais da educación.

Competencias específicas:

- Integrar a formación en comunicación audiovisual e multimedia no proceso de ensinanza aprendizaxe.
- Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada.
- Analizar criticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación, utilizando indicadores de calidade.
- Identificar os problemas relativos á ensinanza e aprendizaxe das materias da especialización e formular alternativas e solucións.

Competencias específicas asociadas ao Practicum:

- Acreditar un bo dominio da expresión oral e escrita na práctica docente.
- Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación a partir da reflexión sobre a práctica.

Competencias transversais:

- Utilizar bibliografía e ferramentas de busca de recursos bibliográficos xerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet.
- Xestionar de forma axeitada o tempo de traballo e organizar os recursos dispoñibles, establecendo prioridades, camiños alternativos e identificando erros lóxicos na toma de decisións.

5. MODALIDADES

O TFM ven definido de maneira xeral polas dúas indicacións recollidas na introdución a esta Guía (“reflexionar as competencias adquiridas no Máster e servir de compendio das ensanzas que integran o seu plan de estudos”) e, de xeito máis específico, polas competencias, obxectivos e contidos enunciados en apartados anteriores.

Ofrécense dúas modalidades de carácter xeral, susceptibles de se adaptaren en función das especialidades e das temáticas:

- a) Unha proposta de ensinanza ou de intervención educativa que integre datos da práctica e tome como referencia os currículos das materias da especialidade ou

algunha problemática da vida escolar, desenvolva algunha perspectiva innovadora e achegue reflexións sobre os resultados da súa aplicación práctica. En definitiva, que na súa planificación, desenvolvemento e avaliación ofrezca elementos de fundamentación, indagación e reflexión que non permitan confundila cunha programación didáctica. No caso de que esta proposta non poida implementarse, polas medidas sanitarias e as indicacións dos centros educativos correspondentes, ha de tomar como referencia os currículos das materias da especialidade ou algunha problemática da vida escolar e desenvolver algunha perspectiva innovadora achegando reflexións á da súa aplicación nunha situación de non presencialidade.

- b) Un traballo de iniciación á investigación sobre algún aspecto da área ou do proceso educativo (análise dos currículos, estratexias de ensinanza, aprendizaxes dos estudantes, materiais e recursos didácticos, avaliación, atención á diversidade, contextualización social da educación, modelos pedagóxicos, tutoría, fracaso escolar, ensinanza de valores, etc.) que ofrezca unha análise documentada do tópico seleccionado e unha reflexión sobre o mesmo desde o punto de vista da práctica docente en Educación Secundaria.
- Esta modalidade b) pode ter un carácter de investigación documental ou de investigación de campo. No caso de que por incidencia da COVID-19 non se poda levar a cabo o traballo de campo como sería desexable, poderá recurrir a calquera das técnicas e instrumentos de recollida de información (presencial ou virtual).

6. TITORÍA

Os TFM realizaranse baixo a tutoría dun profesor/a con docencia no Máster que ten como funcións:

- Acordar o tema e a estrutura do traballo cos estudantes.
- Orientar e facer o seguimento do traballo: proporcionar orientacións bibliográficas, asesoramento metodolóxico, supervisión periódica do proceso de elaboración e revisión da redacción final.
- Emitir un informe confidencial sobre o seu seguimento do traballo, segundo o modelo que se inclúe no **Anexo 2** desta Guía, aos efectos de que se teña en conta por parte do tribunal avaliador. A entrega deste informe é preceptiva para a defensa do TFM.
- Informar, no caso de ser requirido, á Comisión de Avaliación.
- Pola súa banda, o/a alumno/a deberá cumprir co plan de traballo acordado co seu titor/a, tanto no que se refire ás pautas de desenvolvemento como aos prazos. De non facelo, o docente poderá rexeitar a tutoría do TFM presentando a correspondente solicitude argumentada perante a CA do Máster.

7. ASIGNACIÓN DE TEMA E DE TITOR/A

A Comisión do Título, e na súa representación a coordinación do Máster, aprobará cada curso académico as liñas temáticas que poden ser abordadas nos TFM a partir da oferta presentada polo profesorado con docencia no Máster.

Unha vez fixadas as liñas temáticas, a coordinación do Máster trasladará esta información ao alumnado para iniciar o proceso de asignación da persoa que vai titorizar cada traballo (ver apartado 13 desta guía).

Este proceso estará guiado polos seguintes criterios:

- a) a nota de acceso ao Máster.
- b) as preferencias expresadas na solicitude a través dun formulario web.

O alumnado poderá elixir as súas preferencias para a titorización do TFM (Formulario I ou Formulario II segundo proceda) entre o profesorado de cada especialidade seguindo a seguinte orde na escolla.

1. Profesorado do módulo específico.
2. Profesorado do módulo común (agás a especialidade de Orientación Educativa, na que haberá un so grupo co conxunto do profesorado).

No caso de que non cheguen as prazas ofertadas polo profesorado de cada especialidade, abrírase unha nova escolla entre o profesorado do máster con prazas vacantes (Formulario III).

O alumnado repetidor poderá solicitar continuar co titor/a do curso anterior, sempre que o titor/a figure na relación de titores ofertados no presente curso e acepte continuar a titorización, ou solicitar unha nova asignación ao igual que o alumnado novo.

O alumnado matriculado no TFM con posterioridade á asignación inicial de titores/as poderá solicitar asignación de titor/a nos 10 días seguintes á data de matrícula entre as prazas que queden vacantes.

Unha vez publicada a resolución provisional de asignación de titor/a o alumnado disporá de 5 días para presentar reclamación, mediante escrito razoado, dirixido para o campus de Santiago á Secretaría da Facultade (master.secundaria@usc.es) e para o campus de Lugo á coordinadora do Máster (ver apartado 13 desta guía). O alumnado que non cubrira en prazo a solicitude poderá facer unha nova solicitude neste prazo, accedendo ás prazas non cubertas polo alumnado que fixo a súa solicitude en prazo.

De modo excepcional, tanto o/a estudante como o/a titor/a poderán solicitar a modificación da asignación do titor/a ou a cotitorización do traballo mediante escrito razoado remitido á Comisión Académica. A Comisión analizará o caso e, se procede, realizará unha nova asignación ou aprobará unha cotitorización coas prazas que queden vacantes.

Realizada a asignación de titor/a, tras a publicación definitiva (ver apartado 13 desta guía), cada estudante deberá contactar co/a titor/a para acordar o tema e planificación do traballo.

Non se admitirán Traballos de Fin de Máster que non sigan o procedemento anterior en canto a prazos, protocolo formal e aceptación do titor/a.

Cómpre ter en conta que, en tódolos casos e a tódolos efectos, o profesorado que teña docencia no Máster ten que asumir a titorización de TFM e debe formar parte dos tribunais encargados de avaliar os mencionados traballos.

8. DEPÓSITO E DEFENSA

Para a defensa do TFM **o estudante** deberá presentar solicitude de defensa dirixida ao coordinador/a do Máster do campus que corresponda mediante o modelo de solicitude que figura na plataforma de xestión do TFM (Secretaría Virtual), xunto cunha copia do traballo en formato electrónico (pdf) nos prazos e formato que a Comisión do Máster estableza para cada curso académico.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes de defensa, a coordinación do Máster fixará, dentro do calendario xeral establecido pola USC, as datas de defensa de cada traballo, o lugar e os tribunais correspondentes.

O titor/a e/ou membros de tribunal poden acceder ao exemplar en pdf depositado polo/a alumno/a desde a Secretaría Virtual.

O/a titor/a do TFM debe cubrir un informe confidencial sobre o seu seguimento do traballo de cada alumno na secretaria virtual (Anexo 2). É obrigatorio que o/a titor/a do TFM suba o Informe de seguimento á súa Secretaría Virtual (SVPDI) nun documento pdf sen asinar unha vez que o/a alumno/a presente a solicitude de defensa e deposite o TFM. Posteriormente, o documento aparecerá no seu portasinaturas para que o asine. Se o/a titor/a do TFM detecta plaxio procederá a aplicar a normativa que a USC ten contemplada ao respecto.

A presentación do TFM adoptará a modalidade de defensa pública diante do tribunal e terá unha duración máxima de 40 minutos distribuídos da seguinte maneira: 15 minutos para a presentación do traballo, 15 minutos para consideracións e preguntas do tribunal e 10 minutos para respostas por parte do estudante.

Se algún estudante, por razóns excepcionais, necesita facer unha presentación telemática excepcional do seu TFM deberallo solicitar á coordinación do Máster, como mínimo, 2 meses antes do comezo da data de defensa. A Comisión do Título analizará e resolverá a solicitude, fixando, en caso de aceptación, os requisitos que debe reunir o procedemento de defensa.

A redacción e defensa do TFM poderase realizar en calquera das linguas oficiais de Galicia. Tamén se poderá facer nunha lingua estranxeira sempre que a temática o xustifique e se dispoña de profesorado da área de coñecemento con competencia lingüística na lingua de redacción do TFM. O alumnado interesado en defender o seu TFM nunha lingua estranxeira deberá presentar unha solicitude dirixida á coordinación do Máster, na secretaria da Facultade do Campus Norte, como mínimo, dous meses antes do comezo da data de defensa.

9. AVALIACIÓN

Os tribunais encargados da avaliación dos traballos estarán constituídos por tres membros titulares e un suplente, designados de entre o profesorado con docencia no Máster polo coordinador/a de cada campus. A participación nos mesmos é obrigatoria, agás causa debidamente acreditada. O protocolo de actuación será o habitual nos tribunais de teses e similares da USC.

A avaliación dos traballos realizarase atendendo aos seguintes criterios de carácter xeral:

- Presentación escrita (20%): corrección, coherencia e adecuación lingüística, rigor na utilización dos formalismos propios dun texto académico, fluidez narrativa, referencias bibliográficas e citas seguindo as características formais establecidas no apartado correspondente desta Guía.
- Contido (60%): relevancia, dificultade e orixinalidade da temática, profundidade e rigor no seu tratamento, na fundamentación teórica e na metodoloxía, claridade da estrutura, precisión das conclusións, relación coas competencias formativas do Máster e contribución á mellora da práctica docente, á calidade da educación e/ou ao coñecemento científico ou profesional no tópico tratado.
- Presentación e defensa oral (20%): claridade e rigor na presentación, uso de medios e tecnoloxías adecuados e capacidade de responder e argumentar na interacción co tribunal.

Nota.- No proceso de avaliación atenderase ás especificidades da área de coñecemento no que se desenvolva o TFM.

A cualificación será responsabilidade do tribunal, unha vez analizado e valorado o informe do titor/a. A nota final obterase da media das outorgadas por cada membro do tribunal nunha escala numérica de 0 a 10, con expresión dun decimal. As correspondencias cualitativas son:

- Non presentado
- 0 - 4,9: Suspenso
- 5 - 6,9: Aprobado
- 7 - 8,9: Notable
- 9 - 10: Sobresaliente

Os tribunais poderán propoñer para a mención de “Matrícula de Honra” calquera TFM que obteña unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder do 5% do alumnado matriculado nesa materia no correspondente curso académico. Se o número de alumnos é inferior a 20, poderase outorgar unha matrícula de honra. Esta mención só poderá outorgarse unha vez rematadas as defensas de todos os traballos correspondentes ao curso académico e será decidida pola Comisión do Título a partir das propostas dos tribunais.

Os TFM deberán ser orixinais e non poderán reproducir outros traballos sen citalos adecuadamente. O uso fraudulento de información implicará a cualificación de “Suspenso” na convocatoria correspondente.

A cualificación publicarase nos taboleiros do centro, nun prazo non superior a sete días dende a súa defensa.

O alumnado ten dereito á revisión da cualificación nas datas e lugares que, para tal efecto, se fixarán no momento de facer públicos os resultados provisionais. Ofreceranse dúas datas opcionais comprendidas dentro dos dez días seguintes á publicación dos resultados. A revisión será persoal e presencial, e poderá realizala un ou varios membros do tribunal.

10. TEMPO DE ESTUDO E TRABALLO PERSOAL

O TFM é unha materia de 6 ECTS (150 horas), que se distribúen en sesións de traballo presencial co director/a do TFM ao longo de todo o proceso e de traballo individual do alumnado organizado arredor das fases e tarefas que se indican no apartado "Metodoloxía de ensinanza" deste Programa.

11. CARACTERÍSTICAS FORMAIS DO TFM

O TFM terá unha extensión mínima de 30 páxinas e máxima de 50, configuradas de acordo coas seguintes características: marxes, 2,5 cm.: tipo e tamaño de fonte, Times New Roman (12 pt.) ou Arial (11 pt.); interliñado: 1,5. No caso de que proceda, poderá incluír, por fóra desta extensión, anexos finais (táboas, gráficos, cuestionarios, etc.).

Sempre que as características do traballo o xustifiquen, poderán admitirse outros formatos (produtos en diferentes artes e soportes -gráfico, de tratamento de son, de tratamento de texto, audiovisuais, dixital...).

Na súa redacción e emprego de fontes bibliográficas ten que seguirse algún dos seguintes modelos:

- O caderno de estilo do Centro de Investigación e Documentación Educativa do Ministerio de Educación (CIDE).
- As normas da American Psychological Association (APA).
- Se ben o enfoque e a temática do TFM poden xustificar estruturas diferentes, tomarase como referencia básica a seguinte:
 - Portada na que figure: Universidade de Santiago de Compostela, denominación do Máster, título do traballo en galego, castelán e inglés, nome completo do autor e do docente que exerce a dirección, e curso académico.
 - Índice paxinado dos apartados e subapartados.
 - *Abstract* ou resumo nos tres idiomas (entre 100 e 200 palabras).
 - Palabras clave (cinco como máximo) nos tres idiomas segundo o Tesouro da Educación.
 - Xustificación do traballo, obxectivos que persegue, preguntas ás que intenta responder e interese das achegas esperables.
 - Fundamentación teórica, coordinadas (epistemolóxicas, psicolóxicas, pedagóxicas didácticas...) nas que se enmarca e revisión dos estudos que serven de marco teórico.

- Descrición da metodoloxía seguida, do proceso de recollida e tratamento dos datos ou, no seu caso, do proceso de deseño e experimentación da proposta de ensinanza.
- Presentación dos resultados máis destacados da pescuda ou, no seu caso, da proposta educativa e da súa experimentación.
- Conclusións e valoración crítica do traballo no proceso de formación do estudante.
- Bibliografía citada no texto ordenada alfabeticamente.
- De recoller datos reais sobre centros ou persoas, débense presentar de maneira que se preserve o seu anonimato, excepto permiso por escrito dos responsables dese centro que deberá adxuntarse como anexo ao final do traballo.

12. MATRICULA, CONVOCATORIAS E CUSTODIA DE TFM

A matrícula realizarase nos prazos establecidos pola USC. Para a presentación e defensa pública do TFM será requisito necesario ter superados todos os demais créditos do Máster.

A matrícula dará dereito á presentación do traballo en dúas oportunidades en calquera das datas que se establezan en cada curso académico

O número máximo de convocatorias que poderá empregar o alumnado será de catro, e poderá contar con dúas oportunidades por curso académico. No caso de *non presentado* ou *suspense* en todas as oportunidades, considerarase consumida a convocatoria neste curso académico.

No caso de que o alumno/a non concorra a ningunha das oportunidades ou non obteña avaliación positiva, deberá formalizar nova matrícula no curso académico seguinte. No caso de que non reúna os requisitos para presentar o TFM non consumirá convocatoria.

Custodia e difusión dos TFM. Unha copia electrónica en PDF dos traballos superados quedará depositada para o seu arquivo e consulta no Centro responsable do Máster. Estas copias poderán ser utilizadas na USC para usos académicos e de investigación, sempre coa mención específica aos seus autores, que conservarán a propiedade intelectual dos traballos.

A Comisión do Título, a proposta dos tribunais, poderá propoñer a difusión dos TFM que destaquen pola súa calidade, e en especial aqueles que acaden a mención de Matrícula de Honra. Os autores dos traballos propostos, co visto e praxe do titor, deberán asinar o correspondente documento para autorizar a súa difusión no repositorio institucional da USC (*Minerva*), no que declaren que se trata dun traballo orixinal e que non está suxeito a restricións.

13. CALENDARIO DO TFM: TITORIZACIÓN, DEPÓSITO E DEFENSA

TITORIZACIÓN DO TFM		
Fases e tarefas	Prazos	Lugares
Publicación das liñas de traballo e profesorado para a titorización do TFM no curso académico 2019/2020	7 outubro 2020	Páxina web do Máster
Presentación da solicitude de asignación de titor/a por especialidade (Formulario I ou Formulario II)	Oportunidade Febreiro, Xullo e Setembro: 13-16 outubro 2020	Campus de Santiago: Páxina web do Máster Campus de Lugo: Páxina web do Máster
Publicación provisional de asignación de titor/a	Oportunidade Febreiro, Xullo e Setembro: 19 outubro 2020	Páxina web do Máster
Presentación da solicitude de asignación de titor/a entre o profesorado do máster con prazas vacantes (Formulario III)	Oportunidade Febreiro, Xullo e Setembro: 20-22 outubro 2020	Páxina web do Máster
Publicación da resolución provisional de asignación de titor/a para o curso académico 2019/2020	Oportunidade Febreiro, Xullo e Setembro: 23 outubro 2020	Páxina web do Máster
Publicación da resolución definitiva de asignación de titor/a para o curso académico 2019/2020	Oportunidade Febreiro, Xullo e Setembro: 2 novembro 2020	Páxina web do Máster
SOLICITUDE DE DEFENSA E DEPÓSITO DO TFM		
Oportunidade de Febreiro		
Entrega de compromiso de presentar solicitude de defensa	13 xaneiro 2021	Campus de Santiago: Páxina web do Máster Campus de Lugo: Páxina web do Máster
Presentación da solicitude de defensa e depósito do exemplar en pdf	27-28 xaneiro 2021	SECRETARÍA VIRTUAL
Oportunidade de Xullo		
Entrega de compromiso de presentar solicitude de defensa	28-29 maio 2021	Campus de Santiago: Páxina web do Máster Campus de Lugo: Páxina web do Máster
Presentación da solicitude de defensa e depósito do exemplar en pdf	15-16 xuño 2021	SECRETARÍA VIRTUAL
Oportunidade de Setembro		
Entrega de compromiso de presentar solicitude de defensa	15-16 xullo 2021	Campus de Santiago: Páxina web do Máster Campus de Lugo: Páxina web do Máster
Presentación da solicitude de defensa e depósito do exemplar en pdf	22-23 xullo 2021	SECRETARÍA VIRTUAL
DEFENSA DO TFM		
Oportunidade de Febreiro 2020	Campus de Santiago e Lugo: 8-12 febreiro 2021	
Oportunidade de Xullo 2020	Campus de Santiago e Lugo: 7-20 xullo 2021	
Oportunidade de Setembro 2020	Campus de Santiago e Lugo: 13-17 setembro 2021	

ANEXO 1: NORMATIVA

Normativa de referencia para o TFM

- Real Decreto 1027/2011, de 15 de julio, por el que se establece el Marco Español de Cualificaciones para la Educación Superior Orden ECI/3858/2007 de 27 de diciembre por la que se establecen los requisitos para la verificación de los títulos universitarios oficiales que habiliten para el ejercicio de las profesiones de Profesor de Educación Secundaria Obligatoria y Bachillerato, Formación Profesional y Enseñanzas de Idiomas.
- Memoria do Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas da USC.
- Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster na Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno de 10 de marzo de 2016.
- Regulamento do TFM do Máster de Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas da USC, aprobado polo Consello de Goberno da USC o 18 de xullo de 2019.
- Instrución da Secretaría Xeral nº 4, do 18 de novembro de 2011 sobre Revisión de traballos de Fin de Grao ou Máster.
- Resolución pola que se publica a Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións, aprobada no Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011.
- Normativa do Repositorio da USC, aprobada no Consello de Goberno da USC do día 22 de decembro de 2011.

ANEXO 2 : Informe de seguimento do/a titor/a do TFM

Curso académico:					
Apelidos e nome do titor/a:					
Apelidos e nome do alumno/a:					
DNI alumno/a:					
Especialidade e itinerario no Máster:					
Título do TFM:					
Data prevista de defensa: febreiro <input type="checkbox"/> xullo <input type="checkbox"/> setembro <input type="checkbox"/>					
Seguimento do TFM	Nivel de desenvolvemento				
	1	2	3	4	5
Asistencia ás titorías e reunións convocadas					
Atención ás suxestións e correccións propostas					
Autonomía na toma de decisións sobre o TFM					
Capacidade de busca e consulta de fontes documentais e bibliográficas					
Manexo e análise crítica dos materiais empregados					
Aproveitamento e aprendizaxes derivadas da realización do TFM					
Cumprimento de prazos de entrega establecidos					
Observacións:					

NOTA: É preceptiva a entrega deste informe a través da Secretaría Virtual antes da data de defensa do TFM para ser remitido á comisión avaliadora.

En _____, a _____ de _____ de _____